



CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

BANDO

D. Carlos Ladra Brage, Alcalde do Concello de Cabanas, en cumprimento do establecido no artigo 21.1.e da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

FAI SABER QUE:

O Concello de Cabanas anuncia o inicio dos traballos de mantemento no Piñeiral da Madalena, de acordo cos resultados do estudo técnico encargado polo goberno local, e realizado ao longo de 2020 por Arbogal, empresa especialista en arboricultura.

Está previsto que estes traballos se prolonguen durante 6 semanas, durante as cales se establecerán limitacións parciais de acceso ao Piñeiral, para evitar o paso de persoas polas zonas nas que se estean a realizar podas ou talas en cada momento.

As actuacións programadas, consistentes en talas e podas selectivas de acordo co citado estudo, teñen como obxectivo mellorar a seguridade dun dos espazos ao aire libre emblemáticos de Cabanas, e usados a diario pola veciñanza e visitantes para paseo, práctica deporte e área de lecer.

Dende o luns 19 de abril queda prohibido o acceso a ZONA 1 do piñeiral da Madalena ata novo aviso. Todas aquelas persoas que accedan sen autorización municipal, será baixo a súa responsabilidade e poderán ser sancionadas polos corpos de seguridade.

O acceso a os chiringuitos será en todo momento polo areal da Madalena.

Desculpen as molestias, e pola súa seguridade.

Cabanas, 16 de abril do 2021
O Alcalde,
Carlos Ladra Brage

